



Resolución do 12 de xullo do 2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se fai pública a relación de premiados no concurso de miniempresas do programa Lanzadeiras, convocado na Resolución do 5 de maio do 2023.

De conformidade co establecido no artigo 2 da Resolución do 5 de maio do 2023 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se convoca o concurso de Miniempresas durante o curso 2022/2023, e vista a proposta realizada pola comisión de selección, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Premiar os proxectos que se relacionan no Anexo I desta resolución.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo.

Santiago de Compostela, 12 de xullo do 2023.

M^a Eugenia Pérez Fernández

A Directora Xeral de Formación Profesional



ANEXO I

LISTADO DE PROXECTOS PREMIADOS NO CONCURSO DE MINIEMPRESAS

Proxecto	Código	Centro	Premio	Importe
Alfaia de chorima	27015311	IES A Pinguela	1º	3.000 €
Verde vertical	27006528	CIFP As Mercedes	2º	2.000 €
Arteciencia	27006516	CIFP Politécnico de Lugo	3º	1.000 €

